

EFFECTIVIDADE E SEGURIDADE DA ESTIMULACIÓN CEREBRAL PROFUNDA NO TRASTORNO OBSESIVO COMPULSIVO GRAVE E RESISTENTE

O trastorno obsesivo-compulsivo (TOC) é unha enfermidade neuropsiquiátrica que afecta gravemente a calidade de vida. En casos graves e refractarios a tratamentos farmacolóxicos explóranse opcións como a estimulación cerebral profunda (ECP). A través dunha revisión sistemática, realizada no marco dun proxecto de Living Evidence, identificáronse 12 ensaios clínicos aleatorizados cruzados (112 pacientes) que avaliaron o uso da ECP activa (ON) en comparanza coa ECP simulada (OFF). Os resultados amosaron reducións na gravidade do TOC (medida coa escala E-BOCS) na comparación ON vs OFF. Informouse dun total de 52 eventos adversos graves en 57 pacientes. A evidencia sobre outras variables, como calidade de vida ou función cognitiva, foi limitada.

DOCUMENTOS
RELACIONADOS
Texto completo
Exportar referencia RIS